como a ordenación do pagamento, tanto se a súa autorización e disposición lle correspondese a ela ou a outra área;

- corresponderalles ás e aos tenentes de Alcalde delegados de área o recoñecemento e liquidación de obrigas así como a ordenación do pagamento do resto dos gastos non incluídos no parágrafo anterior e que correspondan á súa área de goberno.

A Alcaldesa **reservarase** para si as seguintes:

- as atribucións que, por disposición legal, sexan indelegables;

- ***a resolución dos recursos de reposición;***

- o exercicio das atribucións que lle corresponden á Alcaldesa en relación cos servizos, actividades e materias comprendidos na **ÁREA DA ALCALDÍA;**

- a representación do Concello, agás nos supostos en que puntual e expresamente se delegue;

- a formalización de escrituras e demais documentos públicos que se refiran a acordos adoptados polo Pleno;

- a presidencia dos órganos colexiados municipais que lle corresponda, agás nos supostos de substitución por razóns de enfermidade, ausencia ou abstención legal ou por ter conferidas delegacións específicas para isto.

O exercicio das atribucións delegadas nas e nos tenentes de Alcalde nos supostos de ausencia por mor de vacacións, viaxes ou asistencia a actos institucionais, enfermidade e similares, sempre que estas ausencias sexan superiores a 24 horas, asumirao a Alcaldesa ou Alcalde, sen necesidade de avocación expresa e con independencia da persoa que, en concreto, estea no exercicio do cargo -isto é, tanto se se trata da/o titular, como da/o tenenta/e de Alcalde que legalmente a/o substitúa-, e sen prexuízo de que por decreto da Alcaldía poida acordarse en tales supostos a suplencia daquelas ou daqueles por outra tenenta ou tenente de Alcalde.

DÉCIMO.- Co fin de axilizar a tramitación dos expedientes administrativos, delégase nas e nos tenentes de Alcalde delegados de área, en relación cos asuntos propios de cada unha delas, a sinatura dos seguintes documentos:

- **"visto e prace"** das certificacións que deban ser expedidas polos órganos municipais con funcións de fe pública;

- os **oficios e comunicacións** a outras administracións públicas, calquera que sexa o órgano ou unidade administrativa á que vaian dirixidos, así como a xulgados e tribunais;

- **anuncios e edictos,** agás nos supostos contemplados no artigo 122.5 letra d) da Lei 7/1985;

- en xeral, todas aquelas actuacións que non impliquen resolución dos expedientes e contribúan a impulsar a súa tramitación.

En supostos de urxencia, ausencia ou calquera imprevisto que impida a sinatura polas delegadas ou delegados, e co fin de non demorar os trámites correspondentes, esta Alcaldía, sen necesidade de avocación formal, poderá levar a cabo a sinatura dos documentos indicados.

DÉCIMO PRIMEIRO.- **VIXENCIA:**

1.- Este decreto estará en vigor en tanto non se proceda á súa modificación, producirá efectos dende o día da súa sinatura e seralles notificado ás e aos interesados, e as delegacións de atribucións conferidas –para a súa eficacia- requirirán ser aceptadas por parte das/os delegadas/os, aceptación que se entenderá feita polo transcurso de **TRES DÍAS DENDE** a notificación sen que se fixese manifestación ningunha ao respecto (artigo 7.3 do ROMGA).

2.- Deste decreto daráselle conta ao Excmo. Concello Pleno na primeira sesión que celebre; procederase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, á súa exposición no Taboleiro de Edictos e á súa comunicación aos servizos municipais.

Cúmprase."

R. 2806

---

*Anuncio*

Por acordo da Xunta de Goberno Local do día 15 de xullo de 2015 aprobouse as bases técnicas, o prego de claúsulas administrativas particulares, así como o procedemento aberto de adxudicación para a **AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DE CASETAS E CALDEIROS DO POLBO DURANTE AS FESTAS DO SAN FROILÁN 2015. EXP30-2015**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

**1.- Entidade adxudicadora.**

**a) Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

**b) Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

**2.- Obxecto do contrato.**

**a)Descrición do obxecto:** É obxecto destas bases regular a concesión de autorizacións para a instalación de casetas e caldeiros do polbo números 1, 2, 3 e 4, do plano do proxecto da Feira, no recinto feiral durante as festas do San Froilán, no ano 2015

**b) Prazo de duración:** Durante o ano 2015.

**3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.**

**a) Tramitación:** ordinaria

**b) Procedimiento:** aberto.

**4.- Tipo de licitación:**

Os prezos mínimos para a licitación das casetas e caldeiros do polbo correspondentes ó ano 2015, serán os que a continuación se detallan:

| CASETA | PREZO MÍNIMO DE LICITACIÓN |
|---|---|
| Nº 1 | 18.400,00 euros |
| Nº 2 | 17.200,00 euros |
| Nº 3 | 16.100,00 euros |
| Nº 4 | 15.000,00 euros |

| CALDEIRO | PREZO MÍNIMO DE LICITACIÓN |
|---|---|
| Nº 1 | 11.500,00 euros |
| Nº 2 | 10.300,00 euros |
| Nº 3 | 9.200,00 euros |
| Nº 4 | 8.200,00 euros |

**5.- Garantías:**

**b) Definitiva:** O licitador que presente a oferta máis ventaxosa estará obrigado a depositar unha garantía do 5% do importe anual ofertado**.**

**6. Obtención de documentación e información.**

**a) Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

**b) Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

**c) Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

**d) Teléfonos:** (982) 29-71-45, 29-73-01, 29-73-01

**e) Telefax:** (982) 29-72-59.

**f) Dirección internet:** www.lugo.gal (perfil do contratante)

**g) Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

**7.- Requisitos específicos do contratista.**

**a) Outros requisitos:** Os sinalados nas bases técnicas e no prego de cláusulas administrativas particulares.

**8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.**

**a) Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será **TRINTA DÍAS HÁBILES** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**b) Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas particulares.

**c) Lugar de presentación:**

**1ª Entidade**: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou por correo.

**2ª Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, planta baixa (oficina de Rexistro)

**3ª Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

**9.- Apertura das ofertas.**

**a) Entidade:** Concello de Lugo

**b) Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

**c) Localidade:** Lugo

**d) Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

**10.- Outras informacións:** As que se recollen nas bases técnicas e no prego de cláusulas administrativas particulares.

**11.- Gastos**: 142,72 euros aproximadamente, que se repartirán de xeito proporcional.

Lugo, 15 de xullo de 2015.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 2879

---

## MONDOÑEDO

*Anuncio*

PUBLICIDADE FORMALIZACION DO CONTRATO DA OBRA " MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NO CONCELLO DE MONDOÑEDO"

En cumprimento do disposto no artigo 154 do R.D. Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a través do presente anuncio faise pública a formalización do seguinte contrato :

- Tipo de contrato : Contrato de obras.
- Denominación : " Mellora de camiños de titularidade municipal no Concello de Mondoñedo ( Lugo) "
- Órgano de contratación : Alcalde
- Procedemento de adxudicación : Negociado sen publicidade
- Tramitación : Ordinaria
- Orzamento de licitación : 120.985,48 € ( IVE incluído )
- Data de adxudicación: 15 de abril de 2015
- Adxudicatario : CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO, S.L.
- Importe adxudicación: 119.669,00 € ( IVE incluído )
- Data de formalización: 23/04/2015

En Mondoñedo, a 10 de xuño de 2015.- O Alcalde en funcións, D. Orlando González Cruz

R. 2448

---

# ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

## XULGADO DO SOCIAL Nº 3 DE LUGO

*Anuncio*

**DOÑA MARÍA ÁNGELES LÓPEZ CARBALLO,** Secretaria Judicial del Juzgado de lo Social nº 3 de LUGO, **HAGO SABER**:

Que en el procedimiento EJECUCIÓN DE TÍTULOS JUDICIALES 10/2015 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de DOÑA DEBORAH VELA ARIAS, contra la EMP. "PLANETELEKOM 2010, S.L.", sobre RECLAMACIÓN DE CANTIDAD, se ha dictado DECRETO de fecha 02-07-2015, cuya parte dispositiva es del tenor literal siguiente:

**"ACUERDO:** Aprobar la propuesta de liquidación de intereses formulada por la parte ejecutante por importe de 12,09 EUROS, cuyo pago corresponde a la parte ejecutada "PLANETELEKOM 2010, S.L.".

En caso de ser abonada a través de esta Oficina Judicial deberá ser ingresada en la cuenta de depósitos y consignaciones que este Juzgado tiene abierta en la entidad BANESTO bajo el nº 2324/0000/64/0010/15.

Notifíquese a las partes esta resolución, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las**